

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de xuño de 2022**

Ás 17.25 horas do día 16 de xuño de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste don César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE MAIO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de maio de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 19 de maio de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A Sra. Presidenta da resposta a pregunta realizada na anterior Comisión do mes pasado formulada por D. Álvaro Vila, sobre o procedemento aberto realizado para o servizo de xestión e recollida do punto limpo que foi declarado deserto. Informa que non se rexeitou ningunha oferta simplemente non se presentou ningunha empresa e posteriormente se procedeu a un contrato menor con invitación a empresas acreditadas para o servizo e a adxudicataria foi SERTEGO. Se desexan calquera información a través de transparencia a poden obter.

D. Bernardo Varela do BNG, indica que se aproximan as datas nas cales se coñecería o destino do traslado temporal da Deputación, pregunta se hai algunha novidade ao respecto. Sobre MEISA entende que este ano hai que lanzar un novo prego de condicións para a contratación, con independencia da sentenza xudicial pendente. Pregunta se está previsto lanzalo para que non ocorra como na anterior ocasión, que quedou deserto e despois houbo que facer unha contratación de urxencia, que a xustiza dixo que non estaba correcta. Indica que débese ter en conta que temos máis do 49% das participacións do accionariado de MEISA, e debemos achegar outro millón de euros en préstamos participativos. Roga que se non está previsto, que se poña en marcha o mecanismo.

A Sra. Presidenta responde que respecto ao tema de MEISA queda recollido. Respecto ao tema do traslado da Deputación, indica que neste momento non dispón desta información e en canto a dispoña a comunicará.

Dona Susana Rodríguez Estévez, do grupo Socialista, indica que desexaba facer a mesma pregunta que realizou o compañeiro do BNG, e engade que o 2 de febreiro o Presidente don Manuel Baltar dixo que antes de pechar o primeiro semestre deste ano nos informaría onde íamos a ir a parte administrativa. E xa estamos acabando xuño e aínda non temos información.

A Sra. Presidenta di que antes hoxe é día dezaseis e ata o trinta de xuño aínda temos marxe.

Dona Susana Rodríguez Estévez do grupo Socialista, engade que antes de xuño e o trinta e un de maio.

A Sra. Presidenta di que en canto dispoña da información a trasladará.

D. Álvaro Vila Araujo do grupo Socialista, indica que estamos a un ano de que sexa obrigatorio o novo colector de lixo orgánico que teñen que ter os concellos. Pregunta sobre os concellos que teñen concertada coa Deputación a recollida do lixo, que se está facendo para dar servizo e información aos cidadáns dos concellos que o temos concertado.

A Sra. Presidenta di que en canto dispoña da información a trasladará, e entende que o servizo encargado deste tema, estará traballando sobre isto.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.